

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA NOVE DE MARZO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día nove de marzo de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dezasete de febreiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 209/10 de don Carlos García Taboada

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 18 mts de lonxitude, no lugar de Laraño, en solo de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende



o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.2.- Instancia num. 184/2010 de dona Patricia M^a. Vaamonde Tejo

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para proceder á segregación da parcela 1240 do plano xeral do acordo de concentración parcelaria de Ribadulla (referencia catastral 15090A507012400000AW), situada en A Famelga, cualificada no PXOM como solo de núcleo rural (N-2) en dúas parcelas resultantes, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Beillet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2.3.- Instancia num. 1.807/09 de don Manuel Martínez Canicoba

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Tui (Pontevedra) expón que con data 28/11/1989 a Xunta de Goberno Local concedeu-lle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Argunte -San Mamede de Ribadulla (licenza 108/89), e achegando a documentación preceptiva solicita de conformidade co establecido no artigo 10.8 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a licenza de primeira utilización

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas municipais correspondentes, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros

2.4.- Instancia num. 221/10 de don Avelino Lobato Fandiño

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para proceder á parcelación e agrupación das parcelas 81, 82-1 e 82.-2 dos planos do acordo de concentración parcelaria de Vilanova, situadas no lugar de Galegos, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM, en dúas parcelas resultantes segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica agrícola dona Ana Picón Cotos.



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas municipais correspondentes, que ascenden, á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza de actividade de oficinas en Santa Cruz de Ribadulla

Téndose solicitado por Roberto Vales Lobato en representación de Construcciones Roberto Vales, S.L., licenza municipal para instalación da actividade de OFICINA, no lugar de Galegos da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, deste termo.

Tendo en conta que se tramitou o oportuno expediente de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental e demais normativa de aplicación.

A Xunta de Goberno, á vista do expediente tramitado e do contido do informe emitido polo Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1.- Licenza da actividade:

Conceder a Roberto Vales Lobato en representación de Construcciones Roberto Vales, S.L., licenza municipal para instalación da actividade de OFICINA, no lugar de Galegos da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, nos termos do expediente tramitado e do proxecto presentado.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.

Deberá ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal e que se notificará.

Notificar o presente acordo ó solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

4º.- Certificacións de obras


4.1.- Certificación num. 1 da obra de *Reforma e ampliación do centro da terceira idade*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra *Reforma e ampliación do centro da terceira idade*, financiada integramente pola Deputación Provincial, por importe de vinte e sete mil oitocentos noventa e dous euros con trinta céntimos (#27.892,30#), adxudicada á empresa Promotora Matimán, S.L, sendo o director da mesma o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4.2.- Certificación num. 2 da obra *Acondicionamento da estrada Oza-Cibrán*

Dáse conta da certificación num. 2 da obra *Acondicionamento da estrada Oza-Cibrán (código 08.2100.0361.0)*, incluída no *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal(POS 2008)*, por importe de trinta e oito mil trescentos setenta e cinco euros con dez céntimos (#38.375,10#), adxudicada á



empresa Dago, S.A, sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4.3.- Certificación num. única da obra *Reforma de las Instalaciones de iluminación en el campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla*

Dáse conta da certificación num. única da obra *Reforma de las Instalaciones de iluminación en el campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla (código 08.3250.0047.0)*, incluída na 5ª e última fase do Plan Especial de Iluminación e outros complementos nos campos de fútbol de herba artificial 2008, e da factura num. 2010055 da empresa adxudicataria Electricidad Cruceiro, S.L, por importe de setenta mil novecentos oitenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (#70.985,46#), sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura correspondente.

5º.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial de padróns fiscais de taxas municipais do exercicio 2010

5.1.- Padrón Fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*.

Dáse conta dos listados provisionais elaborados para a formación do Padrón Fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2010*.

Estudados os mesmos, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o citado Padrón Fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2010*.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia o edicto anunciando a súa exposición pública para os efectos de presentación de reclamacións.

5.2.- Padrón Fiscal da *taxa por rede de sumidoiros*.

Dáse conta dos listados provisionais elaborados para a formación do Padrón Fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do ano 2010*.

Estudados os mesmos, a Xunta de Goberno acorda:


1º.- Aprobar inicialmente o citado Padrón Fiscal da *taxa por rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2010*.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia o edicto anunciando a súa exposición pública para os efectos de presentación de reclamacións.

6º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación de obras do Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local

6.1.- *Pista Polideportiva descuberta no CPI de Vedra (expediente 2820)*

Dáse conta das invitacións cursadas ás empresas Construcciones y pavimentación Rual, S.L; Javier Loureiro, S.L e Promotora Matimán, S.L para a adxudica-



ción por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente da citada obra, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 17/02/2010 e publicadas no Perfil do contratante (www.concellodevedra.com)

Dáse conta asimesmo da acta de constitución da Mesa de Contratación e da apertura das ofertas presentadas.

Examinada a documentación , de conformidade co establecido no artigo 135.3 e da disposición adicional segunda da lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización da citada obra á empresa Promotora Matimán, S.L, ó ser o candidato que obtivo á maior puntuación (43,00), no prezo de cincuenta e cinco mil cento trinta e dous euros con corenta e tres céntimos (#55.132,43#) máis oito mil oitocentos vinte e un euros e dezanove céntimos (#8.821,19#) correspondentes ó IVE, e coas seguintes consideracións:

1.1.- Prazo de execución: 5 semanas

1.2.- A citada empresa ocupará na realización da obra a 3 persoas: 2 pertencentes á empresa e 1 de nova contratación.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

TERCEIRO.- Notificar e requirir a Promotora Matimán, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar. Así como constituir a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación excluído o IVE)

CUARTO.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

QUINTO.- Designar director da obra ó arquitecto redactor do proxecto, don Fernando Faya Martínez


6.2.-Ampliación e reforma da gardería municipal (expediente 2838)

Dáse conta das invitacións cursadas ás empresas Construcciones Bamarti, S.L; Javier Loureiro, S.L e Promotora Matimán, S.L para a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente da citada obra, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 22/02/2010 e publicadas no Perfil do contratante (www.concellodevedra.com)

Dáse conta asimesmo da acta de constitución da Mesa de Contratación e da apertura das ofertas presentadas.

Examinada a documentación , de conformidade co establecido no artigo 135.3 e da disposición adicional segunda da lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMERO. Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización da citada obra á empresa Promotora Matimán, S.L, ó ser o candidato que obtivo á maior puntuación (35,50), no prezo de sesenta e dous mil catrocentos euros con oitenta e oito céntimos (#62.400,88#) e nove mil novecentos oitenta e catro euros con ca-



torce céntimos (#9.984,14#) correspondentes ó IVE, e coas seguintes consideracións:

1.1.- Prazo de execución: 4 meses

1.2.- A citada empresa ocupará na realización da obra a 12 persoas: 4 pertencentes á empresa, 8 subcontratadas e 0 de nova contratación.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

TERCEIRO.- Notificar e requirir a Promotora Matimán, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar. Así como constituir a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación excluído o IVE)

CUARTO.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

QUINTO.- Designar director da obra ó arquitecto redactor do proxecto, don Fernando Faya Martínez

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data nove de febreiro do ano que andamos, pola que se concede a ampliación do servizo de axuda no fogar a dona Carmen Cabo Rey ; dona Socorro Albela Pais e dona Herminia Cao Mogo e modifícase o copagamento da usuaria dona Carmen Rey Gonzalez

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de febreiro do ano que andamos, pola que se aproba o proxecto da obra *Pista polideportiva descuberta no CPI de Vedra* ; o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente; o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de obras e solicitar ofertas ás empresas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de febreiro do ano que andamos, pola que se aproba o proxecto da obra *Ampliación da rede de abastecemento en O Matelo e A Torre*, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de febreiro do ano que andamos, pola que se aproba o proxecto da obra *Ampliación e reforma da gardería municipal* ; o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente; o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de obras e solicitar ofertas ás empresas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de febreiro do ano que andamos, pola que se acorda aprobar a redución da xornada de traballo nun tercio, con redución proporcional das súas retribucións, ó funcionario don Carlos Julio Sanmartín Carrera dende o 1 de marzo

A Xunta de Goberno dáse por enterada



7.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de febreiro do ano que andamos, pola que se acorda designar a don Javier García Méndez, enxeñeiro de telecomunicacións, como coordinador de seguridade e saúde da obra *Mellora do Firme dos viais municipais*.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de febreiro do ano que andamos, pola que se aproba o plan de seguridade e saúde da obra Mellora do firme dos viais municipais presentado pola empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L e informado favorablemente polo coordinador de seguridade e saúde

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de marzo do ano que andamos, pola que en relación coa obra de Ampliación da rede de saneamento en O Matelo e A Torre, apróbase o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente ; o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de obras e solicitar ofertas ás empresas.

8.- Outros asuntos

8.1.- Escrito num. 299/10 dos alumnos de 6º de Primaria do CPI de Vedra

Dáse conta do citado escrito no que os alumnos de 6º de primaria do CPI de Vedra expoñen que do 10 ó 13 de maio teñen programada unha viaxe a Madrid, e solicitan a concesión dunha axuda económica para levala a cabo

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda económica por importe de catrocentos (#400,00#) euros

8.2.- Escrito num. 254/10 de alumnos de 4º curso de ESO

Dáse conta do citado escrito no que os alumnos de cuarto curso da ESO do CPI de Vedra expoñen que teñen programada unha viaxe cultural entre os días 20 e 27 de marzo como remate dos estudos de ensino obrigatorio, polo que solicitan unha axuda económica para a citada viaxe.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda económica de 30 euros/alumno

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e quince minutos

